

Un clérigo, deputado nas Cortes de Cádiz de 1812, natural de Betanzos: Don Pedro Rivera e Pardo

XESÚS ANDRÉS LÓPEZ CALVO*

Sumario

Nestes últimos meses foron moitas, e nos próximos seguramente aínda han de ser máis, as achegas historiográficas dedicadas a conmemorar o bicentenario da ocupación militar de España por Napoleón, as conseguíntes sublevacións populares como forma de resistencia e a difusión do pensamento liberal a través das reformas lexislativas como a Constitución de Cádiz de 1812. Cos trazos biográficos dun significado contemporáneo daqueles acontecementos, Pedro Rivera e Pardo (Betanzos 1762-1822), o autor, dende a perspectiva da historia local, describe a emerxencia dunha ideoloxía e das decisións que determinaron unha traxectoria vital digna de figurar nos anais da historia betanceira.

Abstract

In the last few months there have been many, and no doubt there will be more in the months to come, historiographies dedicated to commemorating the bicentenary of the military occupation of Spain by Napoleon, the consequent popular uprisings as a form of resistance and the spreading of liberal thinking through the legislative reform such as the Constitution of Cádiz of 1812. With biographical sketches of a contemporary significance of those happenings, Pedro Rivera e Pardo (Betanzos 1762-1822), the author describes the emergence of an ideology and the decisions that determined a life-path worthy of figuring in the annals of the history of Betanzos.

1. INTRODUCCIÓN

Nos primeiros días de xaneiro de 1809 iniciase a gran invasión francesa sobre Galicia. O propio Napoleón trazou os planos da operación desde Astorga. E este tamén é o momento onde da inicio o proceso que acabaría coa expulsión das tropas galas. Son moitos os galegos que se levantan en armas contra a invasión. A Igrexa católica tivo un papel de primeiro orden na motivación desta loita:

«Se inicia así una epopeya, la epopeya de un pueblo que se levanta en armas contra el Ejército más organizado del mundo, contra el emperador al que se someten reyes y príncipes. Los púlpitos se convierten en tribuna política, los confesionarios sirven para transmitir consignas, avisos y partes de guerra, bajo los manteles del altar se esconden los fusiles, y las blancas manos de las monjas preparan escapularios para los que tienen que morir, pero también cartuchos para los que tienen que matar. Nunca Galicia volvió a repetir una epopeya como aquella, ni la historia pudo documentar tal derroche de ilusión, generosidad y heroísmo»¹.

A resposta popular, canalizada a través de novas e vellas institucións políticas e relixiosas, impediu o asentamento do réxime proposto polo Emperador. Napoleón no só non foi quen de preve-la construción dun armazón de poder, desenvolvido de abaixo arriba, revolucionario e tradicional a un tempo, senón que tampouco acertou a avaliar

* Xesús Andrés López Calvo é doutor en Teoloxía, Párroco de San Xoán de Ortoño (Ames) é membro do consello de redacción da revista eumesa de estudos *Cátedra*.

correctamente o significado da Igrexa en España. O Emperador creu que as innovacións introducidas en decembro de 1808 (certo control da Inquisición e reforma das ordes relixiosas) atraerían ó seu terreo ó sector máis ilustrado do clero, pero o certo é que minusvalorou o entretocado social do clero e o peso da relixión nos comportamentos populares².

Efectivamente, durante a Guerra da Independencia, as revoltas populares levaron á creación de Xuntas Locais e Rexionais de Defensa para defenderse da invasión francesa e suplir o baleiro de poder derivado da negativa a recoñecer a Xosé I, o famoso *Pepe Botella*. Compostas por militares, representantes do alto clero e funcionarios, todos conservadores, deron o poder á Xunta Suprema Central, que ordenou celebrar Cortes, diante da profunda crise creada pola guerra.

As Cortes foron convocadas polo Consello de Rexencia, nacido da Xunta Central que se disolvera en 1810, na cidade de Cádiz (neste momento asediada), o que explica os nulos contactos co pobo ó que van representar os deputados, sen embargo lexislarán no nome de España. Xuntáronse primeiro na illa do León (hoxe de San Fernando) e máis tarde, en setembro de 1810, pasarán a Cádiz. O desexo de reunión da clase dirixente era unánime pero, cando se reúnen o 24 de setembro de 1810 só se presentan 95 deputados dos 240 previstos, porque moitos non puideron chegar polo impedimento francés ou aínda non foran elixidos; 42 eran titulares, elixidos polos seus cidadáns; 53 eran suplentes, persoas que procedían dos territorios que non fora ninguén, e vivían cerca ou na periferia de Cádiz.

Nas reunións tomaron parte representantes das provincias españolas e dos territorios americanos e de Filipinas, identificados con tres tendencias: os absolutistas, que defendían a volta da monarquía³; os jovellanistas, ilustrados defensores das reformas⁴, e os liberais, que preconizaban cambios radicais inspirados nos principios da Revolución francesa⁵. O resultado foi unha carta magna chamada popularmente *La Pepa* ben por ser promulgada un 19 de marzo, día de San Xosé, ben por oposición a Xosé I (*Pepe Botella*) o rei Bonaparte imposto dende Francia.

2. OS DEPUTADOS GALEGOS NAS CORTES GADITANAS

Esta asemblea convocouse baixo a denominación de Cortes, porque en principio agardábase que quedase constituída como unha máis das establecidas con este nome no Antigo Réxime. Proxectouse obedecendo o mandato de Fernando VII que, antes de partir cara a Baiona, asinara un decreto autorizando ó Consello Real a convocalas, a efectos de «propiciar arbitrios a la defensa del reino y para lo demás que pudiese ocurrir». Poren ofreceu unha novidade: en troques de reunirse por estamentos, conforme ó sistema tradicional, só se formou en base á representación de cidades e provincias, deixando á marxe a representación estamental da nobreza e do clero. Inicialmente isto non era o previsto, ou sexa o establecido pola Xunta Suprema Central, que intentou o establecemento de dúas cámaras, xuntándose nunha a nobreza e o clero. Pero, para obviar trámites ou por premeditados designios, bloqueouse o decreto de convocatoria dos mencionados estamentos.

As Xuntas Provincias, segundo instrucións recibidas, procederon a elixir compromisarios que logo elixirían ós deputados. Os deputados foron convocados ás Cortes en Cádiz polo Consello de Rexencia, a quen a Xunta Suprema Central, véndose incapaz de dirixir a guerra, traspasou os seus poderes a comezos de 1810.

Entre vintetrés e vintecinco deputados representaron ás provincias de Galicia⁶. Ofrecemos un listado:

a) *Polo Reino de Galicia*: Bieito Ramón Hermida Maldonado. Nacido en Santiago en 1736 chegou a ser Oidor da Real Chancelería de Granada como Alcalde do Crime, e rexente da Audiencia de Sevilla. Hermida foi o primeiro presidente provisional das Cortes caracterizouse, como outros destacados deputados galegos, pola súa preparación xurídica. Formou parte do Tribunal das Cortes e dos debates sobre a abolición do tormento, a lei de señoríos e sobre a Inquisición. Ó militar no absolutismo opúxose á lei de liberdade de imprenta e xustificaba a tortura como instrumento probatorio.

b) *Pola Xunta Superior de Galicia*: Xosé Alonso e López Nobal, piloto de mariña e enxeñeiro ferrolán. Liberal, matemático de sona, interveu na medición do arco de meridiano terrestre e realizou o plano xeográfico e estatístico do Arcebispado de Santiago. A reacción absolutista de 1814 obrígonlle a exiliarse, e volveu ser deputado en 1820.

c) *Pola provincia de Santiago*: Manuel Ros e Medrano, nacido en Ourense en 1756 era cóngo doutoral compostelán. Defensor do Voto de Santiago, Fernando VII premiaría o seu fervor absolutista co bispado de Tortosa. Foron tamén deputados en representación por Santiago: Antonio María Parga Puga, asinante da Constitución, Francisco Pardo e Patiño que, con outros dous parlamentarios, pediu á Rexencia que se apresurara a convocar as Cortes. Con eles facía bloque Xaquín Tenreiro Montenegro, primeiro conde de Vigo, título concedido polos seus servicios na reconquista desa cidade ós franceses en 1808. Tamén representaron a esta provincia: Vicente de Castro Lavandeira e Xosé María Suárez de Rioboo, este último con residencia en Santiago de Berdeogas, tamén no Arcebispado de Santiago.

d) *Pola provincia de A Coruña*: Antonio Poyán, avogado da Real Audiencia de Galicia e decano do colexio de avogados coruñés, formou parte da comisión de Facenda. Participou no debate da Constitución e na comisión de Xustiza que discutiu a negativa do bispo de Ourense, Pedro Quevedo e Quintana, a xurar as Cortes. Foi elixido presidente das Cortes. Tamén estivo presente o deputado Xosé Salvador López de Pan.

e) *Pola provincia de Lugo*: Domingo García Quintana, famoso polas súas extravagantes participacións nos debates; Xosé Ramón Becerra Llamas do sector liberal; Antonio Vázquez de Parga e Manuel Valcárcel.

f) *Pola provincia de Ourense*: Xoán Bernardo Quiroga e Uría, que substituíu a outro galego, Durán de Castro, e chegou a ser vicepresidente das Cortes. Outros deputados ourensáns: Bernardo Martínez, provisor e examinador sinodal da cidade das Burgas e Pedro Cortinas.

g) *Pola provincia de Mondoñedo*: Antonio Abadín Guerra. Doutor en Teoloxía e párroco de San Cristovo de Reis no Arcebispado de Santiago (actualmente no coruñés Concello de Teo). Finou en 1813.

h) *Pola provincia de Tui*: Agustín Rodríguez Bahamonde, que participou no proxecto de ordenación das provincias e na reforma do Exército; Antonio Durán de Castro e Bieito María Mosquera.

i) *Pola provincia de Betanzos*: O capitán de fragata Lois Rodríguez del Monte y del Prado que pertenceu, entre outras comisións, á do Comercio de negros e presidiu nalgún período as Cortes. Por último, completa esta nómina de *doceañistas* de Galicia Don Pedro Rivera e Pardo, cura párroco de Pontedeume, que tamén deixou estampada a súa firma na Carta outorgada.

Esta nómina dificilmente representaba a Galicia, pois o sistema electivo baseouse na representación das Xuntas constituídas con ocasión da guerra contra os franceses, e estas estaban dominadas polo clero e a aristocracia⁷.

3. O CLERO NAS CORTES DE CÁDIZ

Aínda que non se chegou a individualizar a tódolos deputados gaditanos, sabemos que, dun total de 306 (entre titulares e suplentes), o número dos eclesiásticos era entre 90 e 100⁸. O papel relevante do clero naquelas Cortes ven dado no só polo número elevado de clérigos deputados, senón tamén pola súa importancia cultural e política. As actitudes que se toman en materia de reforma eclesiástica responden ás circunstancias bélicas do momento e ás opinións que se verten na prensa. O recoñecemento da relixión católica, a supresión da Inquisición, e a reforma do clero regular, entre outras decisións, levan esta pegada. En todo caso, o regalismo na súa actuación responde a unha postura de realismo e moderación política⁹.

O grupo dos eclesiásticos destacaba en número, fronte a 60 avogados, 55 funcionarios públicos, 16 profesores universitarios, 4 escritores e 2 médicos, é dicir 137 que poden englobarse entre as profesións liberais e na función pública. A estes cómpre engadir 37 militares, 8 nobres con título e 9 mariños que poden adscribirse ó grupo de aristocráticos. Finalmente recoñécense 15 propietarios e 5 comerciantes¹⁰.

Respecto á súa vertente profesional, unha clasificación simplificada abrolla o resultado de seis bispos, 46 cóngos dignidades e outros 42 presbíteros, xente sen dúbida pertencente a un status máis modesto, pero en todo caso altamente cualificado: advértase que entre eles se contaban catedráticos, capeláns, un bibliotecario e un secretario episcopal; 18 eran párrocos -en igrexas xeralmente urbanas e de certa importancia- e de 10 só coñecemos a súa condición clerical¹¹.

O clero galego, con algunhas excepcións, tivo unha actitude activamente antifrancesa. Pódense apuntar dúas peculiaridades sobresaíntes¹²: por unha banda as achegas económicas feitas pola Igrexa de Galicia en favor da causa antifrancesa; por outra a influencia que, sen dúbida, exerceu no campo das ideas e máis da opinión os numerosos sacerdotes franceses exiliados nas dioceses do noroeste español.

Unha vez que os franceses abandonaron Galicia, vaise producir unha escisión entre liberais e absolutistas. As Cortes de Cádiz comezaron a publicar os seus edictos e decretos. A supresión dos señoríos, a abolición do Voto de Santiago, e ordes como a decretada 21 de setembro de 1812 na que se declaraba que os eclesiásticos seculares non poderían ser nomeados nin elixidos para ningún oficio do Axuntamento e, sobre todo a desaparición do Tribunal da Inquisición, fomentaron a oposición de case todo o clero galego ás leis creadas. Os xornais, sobre todo os absolutistas, como o santiagués *El Sensato*, publicaron os edictos que as xerarquías eclesiásticas emitían sobre a abolición da Inquisición. Esta, á volta de Fernando VII, instaurouse de novo pero terá unha vida efémera¹³.

4. UN CLÉRIGO BETANCEIRO NAS CORTES DE CÁDIZ

O espazo xeográfico e a comunidade social onde alguén nace, medra, se educa ou mesmo se relaciona, é un dos elementos máis influentes no desenvolvemento da personalidade que marca as opcións futuras da existencia. Por iso, a continuación, achegamos datos da traza persoal de Don Pedro Rivera Pardo. As nosas pescudas

atopáronse diante dunha fenda informativa máis, grazas á documentación manexada, podemos artellar unha cronoloxía diacrónica bastante fundamentada.

4.1 Orixe e liñaxe familiar

Pedro Rivera e Pardo naceu en Betanzos o 7 de maio de 1762, recibindo o Bautismo dous días despois na igrexa de Santiago desa cidade¹⁴. Era fillo de Diego Antonio Rivera Pardo e Balboa, nacido no pazo de Baldomir en Santa María de Guísamo, que chegou a ser Rexedor e Alférez Maior de Betanzos¹⁵, e da súa muller María Antonia Pardo de Andrade Pimentel¹⁶. Deste matrimonio tamén coñecemos outros tres fillos máis: Diego¹⁷, Afonso¹⁸ e Rita¹⁹. Todos eles teñen como avós paternos a Bernardo Antonio Rivera Collazo e Teresa Pardo Balboa Saavedra e Alarcón²⁰, e como avós maternos a Diego Antonio Pardo de Andrade e María Antonia Pimentel de Mandaio²¹. Polas coincidencias nos apelidos adiviñamos que nos atopamos diante dunha liñaxe de fidalgos pechada con matrimonios entre primos.

Neste ambiente e liñaxe familiar albiscamos xa un primeiro argumento que explica a relación causa – efecto da traxectoria ideolóxica do noso biografado. En España, hai unha burguesía temerosa da revolución onde a maior aspiración é non perder un estatuto nobiliario e prebendista. A burguesía española alíase coa nobreza e nunca co campesiñado que sería quen, en realidade, tería a forza para apoiar unha revolución burguesa para soste o absolutismo monárquico. Sen dúbida algunha, podemos afirmar que Rivera e Pardo defenderá a existencia dunha sociedade totalmente pechada e vinculada ó Antigo Réxime.

4.2 Formación e estudos

Ingresou na carreira eclesiástica no Arcebispado de Santiago de Compostela onde, ós quince anos de idade (o 25 de agosto de 1776) solicita a clerical tonsura (a primeira orde pola que se entraba no estado clerical). Para poder acceder a esta orde menor éralle esixido, aló menos, ter iniciado os estudos humanísticos preparatorios para a carreira eclesiástica.

Naquela época, comunmente os candidatos ó sacerdocio accedían nas súas poboacións de orixe respectivas ás escolas de lectura e ás clases de latinidade, retórica e nocións de filosofía e artes. Aínda que o Concilio de Trento, co decreto *De reformatione supra abusibus sacramenti Ordinis*, establecera, en xullo de 1563, a creación dos seminarios e determinara a formación tanto na orde intelectual como moral dos candidatos ó sacerdocio, o certo é que a súa aplicación en Galicia foi moi serodia, polo que Rivera e Pardo estudou nos ciclos de Teoloxía que se impartían na universidade compostelá e a súa formación espiritual e pastoral, menos organizada e atendida, encomendóuselle a Ambrosio Fonseca Patiño, Párroco de San Bieito do Campo e o seu anexo Santa María do Camiño, na cidade de Santiago. Este tempo de formación prolongouse durante uns seis anos.

Parécenos de certo interese describir cómo estaba organizada a universidade nos tempos de Rivera e Pardo porque, indubidablemente, de cómo estaba articulada poderemos albiscar en qué tipo de mentalidade puido formarse o noso personaxe.

En efecto, con Carlos III recortouse a autonomía universitaria, e produciuse unha reforma consecuencia da expulsión de España da Compañía de Xesús. As rendas dos xesuítas destináronse a outros capítulos, quedando para a Universidade só as bibliotecas e os edificios. Carlos III encárgalle a Paulo de Olavide, a reforma universitaria. Nos seus informes opina que a educación superior debe ser considerada coma un servizo público,

sendo o principal papel da Universidade proporcionar servidores ó Estado. Na súa opinión cumpría dar dous pasos decisivos: remover tódolos estorbos que impiden o progreso, e establecer uns bos estudos. As liñas de acción para conseguir estes obxectivos consistían en que se retirasen os privilexios de colexiais e frades; a división en partidos ou escolas dos profesores e doutrinas e a abolición do imperio intelectual do escolasticismo, pois seica impedía a liberdade de pensar. Propostas radicais que, como era lóxico ían tropezar coa forte oposición dos afectados. Recibido en Madrid, o informe foi eloxiado por Campomanes, Presidente do Consello de Castela, apróbbase o seu plano de estudos o 22 de agosto de 1769. Con esta orde comezaba a primeira Reforma Universitaria da época moderna²².

Polo tanto, Rivera e Pardo desenvolve os seus estudos universitarios dentro da tensión que a acomodación dos contidos dos novos planos estaban provocando nos docentes, dunha banda das escolas xesuíta e escotista, postas en tela de xuízo polas directrices reformistas e doutra da tomista pola que se decantaba o Consello de Castela que tamén pedía a depuración das anteriores.

Na inauguración do curso 1777-1778, Xoán Antonio Serrano, Rector da Real Universidade compostelá describe nos seus informes ó Consello de Castela que, dentro do Claustro de profesores, presenciara moitas escenas e mostras de desafecto a Santo Tomé de Aquino e de predilección pola chamada entón filosofía nova, que era a de Descartes, Heinecio, Malebranche e máis innovadores de alén dos Pirineos, que pugnaba por introducirse nas nosas universidades. Para atallar estes males cumpría impoñer o ensino da filosofía de Aristóteles segundo o manual de Goudín, e a teoloxía da Suma de Santo Tomé, pois si esta se deixara a mercé e gusto de franciscanos, agostiños e manteístas era de temer que «se fomentárase cada día o libre xeito de pensar que xa se experimenta»²³.

A pesar destas tensións a axitacións, o Plano de estudos de 1771 estivo vixente no que se refire á teoloxía ata que se publicou o novo plano de 1807, polo que o noso biografado realizou as seguintes materias cos correspondentes textos: Lugares Teolóxicos, por Melchor Cano; Institucións teolóxicas, pola Suma de Santo Tomé de Aquino; Sagrada Escritura, por Calmet; Teoloxía Moral, por Cuniliati; e Historia eclesiástica, por Cabasucio; materias organizadas para o seu estudio en sete cursos. Nos tempos de Rivera e Pardo as cátedras estaban ocupadas polos seguintes profesores: Lugares teolóxicos polo P. Xosé Gil Taboada, monxe bieito; as de Suma: polos frades Anxo Xosé Patiño e Matías de la Dehesa (dominicos), Xacinto Angueira e Domingo Martínez (mercedarios) e o franciscano Benito Lemos²⁴.

Podemos concluír que Pedro Rivera desenvolve o seu currículo teolóxico no momento que a mentalidade escolástica sofre un recio choque do tránsito medieval ó moderno. A filosofía cartesiana minaba os cimentos do escolasticismo, ideas que estaban a atopar no terreo político a semente do galicanismo, o descrédito do tomismo e as ambicións polo control das institucións académicas²⁵. O estamento universitario e cultural, tiña por entón unha marcada presenza na vida social compostelá. De feito ó longo do século XVIII experimentou un impresionante auxe en dúas direccións: a ampliación de cursos e carreiras universitarias, con novos edificios e instalacións (por exemplo, a biblioteca nutrida cos fondos procedentes dos clausurados colexios xesuíticos), e a crecente presenza das novas correntes ilustradas e reformistas que crean academias, escolas especializadas e museos, ou mesmo en 1784, a Real Sociedade Económica de Amigos do Paí, debida sobre todo a dous cóngos e profesores universitarios: Páramo Somoza e Sánchez Vaamonde²⁶.

Pero os estudos de Don Pedro Rivera non se centraron exclusivamente á Teoloxía. No Arquivo Histórico da Universidade de Santiago conservase o seu expediente como estudante, nos cursos 1781-1785, na Facultade de Ambos Dereitos (civil e canónico). Asiste como alumno ás clases dos catedráticos Joaquín Bernardo Flores, Julián Requeijo, Andrés Vicente de Parga y Herce e Melchor Pedro Rodríguez del Corral e, cando solicita ó Rector da Real Universidade de Santiago a defensa do grado de Bacharel, asina a instancia presentándose como «profesor en sagrados cánones» o que non quere dicir que exercera a docencia senón máis ben que podía ser reputado como tal. Defende e acada o seu grado de Bacharel «In utroque Iure» o 11 de maio de 1785²⁷.

4.3 Carreira eclesiástica

Pero ter aprobado os estudos esixidos e presentar as certificacións parroquiais de vocación e boa conducta non era suficiente para ser admitido ás sagradas ordes, sobre todo ás maiores (Epístola, Evanxeo e Misa), xa que se requiría que o candidato tivera asegurada a súa congrua sustentación. É dicir, unha base económica patrimonial ou un cargo eclesiástico, considerados suficientes para lle permitir ó clérigo vivir dignamente, sen ter que recorrer a traballos considerados impropios desa condición. A miúdo esto provocaba que persoas ingresadas na clerecía debían esperar bastante tempo antes de seren ordenadas, se non tiñan patrimonio propio ou non obtiveran aínda, polos medios establecidos (oposición, concurso ou presentación), un cargo que llela asegurara²⁸. Pedro Rivera tardaría trece anos en percorrer o traxecto entre a primeira tonsura e as ordes maiores.

Recibe, por fin, a orde sacerdotal en 1789 de mans do bispo de Mondoñedo, Francisco Cuadrillero Mota, logo de ser presentado para os beneficios curados de San Xurxo e San Xoán de Moeche daquela diocese²⁹, unhas feligresías que, segundo os dicionarios xeográficos e estatísticos da época, sumarían un millar de habitantes nunha zona de economía agraria con algunhas pequenas explotacións industrias no sector da manipulación da pedra mármore. Desenvolve o seu ministerio entre o remate do pontificado do prelado que o órdea e a primeira metade do singular pontificado de Andrés Aguiar Caamaño, que fora chantre e deán da Catedral de Santiago nos anos de estudante de Rivera Pardo. Son, ambos tramos históricos, tempos de enormes necesidades sociais provocadas pola situación económica española e de recio control ideolóxico por parte da Inquisición³⁰.

Por aquel tempo, Galicia estaba dividida en máis de cincocentas xurisdiccións e cento cincuenta cotos dos que, a maioría, estaban baixo a dirección do señorío secular e, máis concretamente, baixo tres familias de nobres (Lemos, Altamira e Monterrei) que exercían privilexios de presentación dos Párrocos. Outra porción correspondíalle ó señorío episcopal (con cotas máis altas en Santiago e Mondoñedo) e, unha pequena porción, a señoríos de reguengo ou eclesiástico.

Os finais do século XVIII tamén son tempos de conxunturas dramáticas para o Papado pois as tropas de Bonaparte ameazaban a integridade dos territorios pontificios. Como consecuencia do rexeite, por parte de Pío VI, das pretensións do Directorio e a condena da Igrexa constitucional francesa, Roma racha relacións con Francia, ocasión que a coroa española aproveita para por en práctica medidas regalistas con un dobre obxectivo: o control das facultades de goberno dos bispos (e tamén das súas rendas) sen inxerencias dun soberano estranxeiro (o papa), e a expansión do Ducado de Parma a costa dos estados pontificios. Ámbolos dous obxectivos formaban parte do proxecto político de Godoy, favorito de Carlos IV, por acadar unha «Nova Nación»³¹.

En 1806 consegue a provisión da parroquia de Santiago de Pontedeume e a súa anexa San Martiño de Porto, no Arcebispado de Santiago, outra das 386 parroquias –como as mindonienses de San Xurxo e San Xoán de Moeche- sobre as que tiña en Galicia dereito de presentación o Duque de Alba, herdeiro e descendente da Casa de Lemos. Nestas parroquias desenvolverá a súa labor ata 1822, no contexto nacional da invasión francesa e do sexenio absolutista e, no contexto eclesial, dentro do non menos singular pontificado do Arcebispo Rafael de Muzquiz Aldunate que se prolongou dende 1801 ata 1821, un dos prelados que máis se identificou co Antigo Réxime³².

En efecto, o 19 de xaneiro de 1809, o gobernador de A Coruña, Antonio Alcedo, presentou ós franceses a rendición da cidade. Unha semana despois Ferrol caía tamén en mans francesas. A Xunta Central definiu ambas capitulacións como vergonzosas e, nun esforzo por manter a moral, apresurouse, con notoria inxustiza, a repudiar por covardía a conducta dos que entregaron aquelas prazas³³. A resistencia contaba cun ambiente de axitación crecente do que participaban personalidades como o propio arcebispo de Santiago. No verán de 1808 en A Coruña estaba listo un exército de vintecinco mil homes integrado por soldados retornados de Portugal, guarnicións galegas, os mariñeiros de Ferrol e voluntarios. Mal armados e peor instruídos son chamados e arengados mediante bandos con contidos de mentalidade de cruzada cristiá:

(...) a la fe que derroto a los sarracenos para combatir al sediento Napoleón que profana los Templos Santos, promete el éxito más feliz de la empresa por la notoria justicia de nuestra causa y el denuedo de nuestros soldados e invita a la oración con corazón contrito y humildad cristiana, convocando a una novena y procesión para obtener la intercesión de nuestra patrona la Virgen del Rosario³⁴.

Galicia foi invadida sen a penas resistencia. O exército galego crearase no mes de xuño de 1808 e aínda que xa loitara contra os franceses en varias batallas o certo é que foi varrido e a resistencia foi simbólica. O exército francés chegou con uns trinta mil homes aproximadamente, era o mellor exército do mundo e Napoleón enviara a súa elite militar pois o seu obxectivo realmente era vencer ós soldados británicos do xeneral J. Moore. Logo da caída dos portos e da desfeita do exército Galicia, a nivel nacional, era coñecida como «hija desnaturalizada de la nación» por deixarse invadir, mais en poucos meses, Galicia foi quen de expulsar ós franceses. Este foi un feito que se garda na memoria popular case como unha guerra santa. Co tempo, o goberno gabaría ós galegos poñéndoos como exemplo para outras comunidades.

Unha enfermidade non especificada obriga a Don Pedro Rivera a trasladar a súa residencia da súa parroquia de Pontedeume ata a súa cidade natal. Falece en Betanzos, ós 60 anos de idade, o 20 de abril de 1822, recibindo sepultura na capela de San Roque³⁵. Fixo testamento diante do escribán José Sebastián Vales deixando a discreción do seu irmán Alonso, Cura Párroco de San Pedro de Perbes, a celebración das súas honras fúnebres. O 20 de maio, un mes despois do seu pasamento, celebrouse un solemne funeral na igrexa parroquial de Pontedeume³⁶.

4.4 Deputado nas Cortes de Cádiz

O 18 de febreiro de 1810 é elixido deputado polos seis compromisarios provinciais na Casa Consistorial de Betanzos, segundo consta na Instrucción particular para as eleccións



Casado del Alisal, «El juramento de las Cortes de Cádiz». Xuramento das Cortes constituíntes o 24 de setembro de 1810, na igrexa Maior Parroquial da Real Illa de León.

de Deputados polo Reino de Galicia. Outorgóuselle o poder o mesmo día da súa elección, sendo este referendado pola correspondente comisión o 17 de setembro do mesmo ano. Xura como parlamentario o 24 de setembro de 1810 e asina a acta de clausura o 14 de setembro de 1813.

Honestamente temos que facer constar que, a pesar da súa formación xurídica, as achegas de Rivera e Pardo na varanda dos debates parlamentarios ou na presentación de proxectos de decreto son bastante exiguas. Polo Diario de Sesións das Cortes sabemos que é un dos 68 deputados que vota a favor da lei de liberdade de imprenta, un auténtico fito e conquista que, entre outras cousas, provocará que, no período legislativo de Cádiz, se editaran ó mesmo tempo naquela cidade un cento de xornais e periódicos³⁷.

Provocou un acalorado debate diante dunha proposta do deputado conservador por Cataluña, Filipe Anér de Esteve, sobre a oportunidade de pechar as sesións legislativas sen disolver as Cortes³⁸. Tampouco non nos queda dúbida das súas xestións para que as Cortes mandaran consignar, no Diario de Sesións das mesmas, a exposición de adhesión

constitucional do concello de Pontedeume, feita moito antes que cidades ou institucións de destacada resistencia antifrancesa como as de Vigo ou a Colexiata de A Coruña:

Señor, el ayuntamiento de la villa de Puente de Eume, provincia de Betanzos, en vuestro fidelísimo Reino de Galicia, por sí, y a nombre de los 27 pueblos que representa, con el más profundo rendimiento se apresura a felicitar a V. M. la más completa enhorabuena por ver concluida la grande obra de la Constitución nacional, fruto digno de alabanza de la tarea y desvelos en que se ejerció por el bien y felicidad de la Monarquía; sírvase pues, V. M. admitir este pequeño obsequio, propio de la gratitud de esta corporación y pueblos referidos, que conocen los beneficios que ahora y en la posteridad redundan a toda la Nación. Dios conserve a V. M. tantos años como la Monarquía necesita para su permanencia. Casas Consistoriales de la Villa de Puente de Eume a 29 de febrero de 1812 = Señor = Francisco Antonio Ricoy = Gaspar María Maldonado = José Francisco Laboza de Barandica = Nicolás Ambrosio Varela = Manuel Estrella = Isidoro de Pico = Ramón Sánchez Couceiro, secretario³⁹.

Como a maioría dos parlamentarios eclesiásticos galegos non foi dos que máis fielmente acudiron ás sesións. No pleno correspondente ó 28 de xuño de 1813, o congreso gaditano láíase de que só 9 dos 25 individuos que compoñían a representación galega asistiran regularmente. Hermida estaba habitualmente indisposto. Ros atopábase procesado por un asunto de censura verbo de afirmacións verquidas en marzo de 1813 no periódico *Procurador General de la Nación y del Rey*. Do resto, algúns finaran, outros gozaban de licencias nas súas vilas (en ocasións caducadas) e había incluso, quen rexeitaba o regreso⁴⁰. Logo do seu asinamento da Constitución, Don Pedro Rivera pide catro meses de licencia para volver ó seu país a resolver dilixencias propias. Despois dese tempo, léese unha comunicación súa desde Pontedeume, na que notificaba que se restituiría ás Cortes en canto atopase un buque seguro e cobrase algúns xuros. Sen embargo, a pesar dos continuos requirimentos para que se incorporara canto antes, enviou un comunicado onde facía constar que non podía volver por non terlle satisfeito aínda a súa Provincia os gastos das súas dietas.

Xa temos determinado que, ideoloxicamente, con dificultade puidera subtraerse ós condicionamentos tales como unha formación especificamente eclesiástica, ou unha mentalidade mediatizada por prexuízos (no mellor sentido da palabra) de raizame local que condicionarán as súas posicións políticas de corte absolutista e antifrancesa. De feito temos noticia dunha carta datada en 1793 (ano no que morren guillotinado Luís XVI e María Antonieta de Francia) onde o valido Godoy no nome de El Rei, agradece e rexeita a oferta de Rivera e Pardo, quen se prestaba a servir sen soldo como capelán particular dos exércitos, pagando a súa costa un substituto na parroquia, ou mesmo contribuíría con seis reais diarios destinados á subsistencia dos soldados ata o final da guerra⁴¹.

5. CONCLUSIÓN

En Cádiz establecéronse as bases pragmáticas do liberalismo español ata a revolución de 1868 e a Constitución que de alí saíu serviu de modelo para outras moitas constitucións iberoamericanas. De feito, hai consenso entre os historiadores para determinar que, os principios do pensamento liberal en España teñen a súa orixe na: Guerra da Independencia (1808-1814); na paulatina emancipación americana e nas reformas administrativas suxestionadas pola primeira Constitución liberal española promulgada nas Cortes de Cádiz en 1812.



«Promulgación de la Constitución de 1812». Cadro de Salvador Viniegra pintado no 1912 na conmemoración do centenario. Museo Histórico Municipal (Cádiz).

Sen embargo, estes avances no durarían demasiado: o 4 de maio de 1814, el rei Fernando VII, que aceptara o texto dicindo nun manifesto á nación española: «marchemos, y yo el primero, por la senda constitucional» declarou nula a Constitución e tódalas decisións das Cortes de Cádiz mediante decreto.

É verdade que, na súa actuación, os deputados galegos tiveron unha moi gris participación e a maior parte deles militaban nun cómodo centrismo do que saían para alistarse con algún dos bandos (polo xeral o absolutista) nas grandes decisións (Lei de liberdade de prensa e supresión da Inquisición) pero, con todo, as Cortes de Cádiz crearon un corpo lexislativo de carácter liberal e estableceron un novo orden en substitución da sociedade estamental que dominara ata entón en España.

É posible que existise un comportamento político homoxéneo entre os deputados eclesiásticos. Cousa lóxica a fin de contas, pois tratábase de representantes da nación e non dun determinado estamento. Tamén parece indubidable que a actitude conservadora constituía o trazo máis característico do grupo ó que pertencía Rivera e Pardo, si ben nos primeiros tempos a maior parte destes homes manifestaran un talante aperturista que só se iría perdendo de forma gradual. Novos datos suxestionáranos para acadar máis coñecementos sobre o protagonista deste estudio.

APÉNDICE DOCUMENTAL

(1)

1766, agosto, 25. Betanzos.

Certificación do Bautismo de Pedro Rivera Pardo, asinada polo Párroco de Santiago de Betanzos, para o expediente de solicitude da clerical tonsura do anterior.

AHDS, Fondo Xeral, Serie: *Expedientes de Ordenes*. Atado 977/2.

«Don José Antonio Pan, Doctor en Sagrada Teología del Gremio y Claustro de la Real Universidad de Santo tomas de Ávila, Rector y Cura propio (por su Majestad) de los beneficios de Santiago de la ciudad de Betanzos y su Anejo San Martín de Brabío, Juez Ordinario en ella y sus Partidos, Administrador interino del Hospital de San Antonio por su Ilustrísima y Sr.: Certifico que habiendo registrado el Libro de asiento de bautizados de esta Parroquia que antecede al que actualmente sirve al folio ciento cuarenta y seis se halla la partida siguiente = En nueve de mayo de mil siete cientos sesenta y dos, Yo Don Andrés Durán, Cura ecónomo por su Ilustrísima de los beneficios de Santiago de la Ciudad de Betanzos y su anejo; bauticé solemnemente a un niño que nació el día siete de este mes, hijo legítimo de Don Diego Ribera y de Doña María Antonia Pardo. Púsele nombres Pedro, Joaquín, (...), Bernardo, Vicente, Antonio, Ramón, María de Monserrat. Fue su Padrino Don Pedro Joaquín Pardo Osorio y Aguiar, vecino de la feligresía de Santa Eulalia de Cañas, y los padres de esta de Santiago. Advertiles de lo necesario. Y lo firmo como cura ecónomo. = Don Andrés Durán. Cuya partida es según y como en dicho Libro se contiene a que me refiero; y para que conste a donde convenga, doy la presente que firmo. Betanzos, y Agosto veinticinco de mil setecientos sesenta y seis. = *(Rubricado)*».

(2)

1785, marzo, 8. Santiago de Compostela

Certificación académica dos estudos de Dereito feitos por Pedro Rivera e Pardo na Real Universidade de Santiago.

AHUS, Fondo Xeral, Serie: *Expedientes Persoais*. Atado 4810/31.

«Como Presidente de la Academia de ambos derechos en esta Real Universidad de Santiago; Certifico que Don Pedro Rivera, Profesor en Sagrados Cánones asistió a ella con puntualidad como igualmente satisfaciendo a los ejercicios que se le encargaron, en estos dos cursos, el primero que empezó en San Lucas de ochenta y tres y finalizó en San Juan de ochenta y cuatro, y el segundo que empezó en San Lucas de ochenta y cuatro y finalizó en San Juan de ochenta y cinco: y para que conste lo firmo. Santiago, Marzo 8 de 85. Dr. Dn. Andrés Vicente Parga y Herce. *(Rubricado)*».

(3)

1785, marzo, 8. Santiago de Compostela

Certificación do Presidente da Academia de Ambos Dereitos da Universidade de Santiago sobre o rendemento académico de Pedro Rivera e Pardo.

AHUS, Serie: *Expedientes Persoais*. Atado: 4810/31.

«Como Presidente de la Academia de ambos derechos en esta real Universidad de Santiago; Certifico que Don Pedro Rivera Pardo, Profesor en Sagrados Cánones asistió a ella con puntualidad como igualmente satisfaciendo a los ejercicios que se le encargaron, en estos dos cursos, el primero que empezó en San Lucas de ochenta y tres y finalizó en San Juan de ochenta y cuatro; y el segundo que empezó en San Lucas de ochenta y cuatro y finalizó en San Juan de ochenta y cinco. Y para que conste lo firmo. Santiago, Marzo 8 de 85. Dr. Don Andrés Vicente Parga y Herce (*Rubricado*)».

(4)

1789, mayo, 23. Betanzos.

Testemuño de Felipe Varela Somoza, veciño de Betanzos, sobre a ausencia de impedimentos canónicos en Don Pedro Rivera e Pardo para ser ordenado de presbítero.

AHDM, Fondo Xeral, Serie: *Expedientes de Ordenes*. Atado: Pedro Rivera y Pardo, 1789.

«En dicha Ciudad de Betanzos a los referidos veinte y tres días del mes de Mayo, año de mil setecientos ochenta y nueve; el comisionado prosiguiendo en la presente información, tendiendo en su presencia a Don Felipe Varela y Somoza, vecino de esta referida ciudad de el por ante mi escribano, tomó y recibió juramento que lo hizo a Dios Nuestro Señor, y a una señal de Cruz que formó en su mano derecha según se requiere de que doy fe, bajo el cual prometió decir verdad en lo que sepa y se le pregunte, y siéndolo y examinado entero de las preguntas del interrogatorio inserto en el Proclamo requisitorio que antecede a cada una de las que contiene depuso lo siguiente: 1ª. A la primera dijo conocer muy bien a Don Pedro Rivera y Pardo parte a cuya instancia fue expedido dicho Requisitorio por hijo legítimo, y de legítimo matrimonio de Don Diego Rivera ahora difunto, vecino que fue, regidor y Alférez Mayor de esta mencionada Ciudad, y de Dª María Pardo Pimentel, que vive en la misma vecindad, a los que dicho testigo también conoció y conoce; pero no conoció a Don Bernardo Rivera y Collazo, ni a Dª Teresa Pardo Balboa, padres de el Don Diego, ni a Don Diego Pardo de Andrade, como ni tampoco a Dª María Pardo Pimentel, pero de ellos tiene noticias ciertas y públicas, que así unos como otros son y han sido cristianos viejos, limpios de toda mala base de judíos, gafos, penitenciados por el Santo Oficio, y no castigados de Tribunal alguno por delito con pena que indujese infamia, antes bien de sangre noble y distinguida, cualidad ejerciendo en la república oficios honrosos y nobles, como lo hizo el expresado Don Bernardo Rivera y Collazo en el dicho de regidor y Alférez Mayor, en el que por su muerte le sucedió el explicado Don Diego su hijo, padre del pretendiente, y por la de este le sucedió y subsigue otro Don Diego, hermano mayor del repetido Don Pedro pretendiente: y el Don Diego Pardo de Andrade en otro también de regidor en la misma Ciudad, en el que murió, como todo ello es público y generalmente notorio en la Población, y así a dicha primera pregunta responde. 2ª. A la segunda también dijo conoce desde su niñez al contenido Don Pedro pretendiente, por haber ambos nacido y criado en esta Ciudad; y desde que el sobredicho llegó a su uso de razón, no sabe, vio, oyó, ni tuvo noticias hiciese residencia en otra ciudad, villa ni lugar que en esta explicada de Betanzos, sólo sí es cierto que después que concluyó su Escuela de Leer, y Estudio de Gramática, pasó a cursar los mayores en la Universidad de la de Santiago, pero en esto sólo se detuvo aquellos meses regulares que duran los cursos de cada año, volviéndose luego a retirar a esta expresada de Betanzos, Casa y compañía de

sus padres, sin más retardación, con lo que a dicha segunda pregunta responde. 3ª. A la tercera también dijo, que por el conocimiento que lleva asentado sabe y le consta que el sobredicho es virtuoso, recogido, inclinado al estudio y que siempre deseó el Estado Eclesiástico, con muestras de verdadera piedad en el servicio de Dios, Nuestro Señor., y responde. 4ª. A la cuarta que en jamás supo ni oyó que el sobredicho haya sido novicio o profeso en religión aprobada alguna; estuviere ni está casado, ni desposado, diese palabra de casamiento; Excomulgado, irregular, ni entre dicho; ni que tenga otro impedimento canónico por el cual no pueda, ni deba ser admitido a lo que pretende; y así a dicha cuarta pregunta responde. 5ª. A la quinta también asienta a no ser el sobredicho jugador ni jurador, antes sí, persona muy quieta, pacífica, modesta, comedida y bien hablado con todo género de sujetos, y por lo mismo muy digno de ser admitido, y de alcanzar lo que pretende, con lo que a esta quinta responde. 6ª. A la sexta y última, en igual forma dijo, que todo cuanto depuso de la en esta su declaración es la verdad, público y notorio, confesando no le tocaren Generales de la Ley con ninguno de los sobredichos en grado que sepa, y ser su edad la de cuarenta y seis años sobre poco más o menos, y por lo mismo en todo cuanto así declarado deja se afirma y ratifica bajo juramento que hecho tiene; y lo firma con el Comisionado de todo lo cual yo, el escribano, doy fe: Felipe Varela y Somoza; Blas Sánchez Arteaga; Antonio Martínez (*Rubricados*).»

(5)

1822, abril, 22. Betanzos

Partida de defunción de Don Pedro Rivera e Pardo.

AHDS, Fondo: Parroquia de Santiago de Betanzos y San Martiño de Brabío, Serie: *Libros Sacramentales*, número 29, folio 156 vto.

«En veinte y dos de Abril de mil ochocientos veinte y dos se dio sepultura al cadáver del Señor Don Pedro Rivera, cura Párroco de la Villa de Puente Deume que se halla residente en esta Parroquia con motivo de su enfermedad, que falleció el día veinte de dicho mes, en la Capilla de San Roque de esta Ciudad, amortajado según correspondía a su estado. Hizo testamento por ante Don José Sebastián Vales en el mismo mes, por el que dejó a discreción de su hermano Don Alfonso Rivera y Pardo, Cura de San Pedro de Perbes su funeral: Recibió todos los Santos Sacramentos. Asistió a su entierro la Congregación de Clero de la misma Ciudad y la comunidad de San Francisco. Y para que conste lo firmo.= Doctor Don Pedro Pablo Maceira (*Rubricado*).»

(6)

1822, mayo, 20. Pontedeume.

Certificación das honras fúnebres por Don Pedro Rivera e Pardo, na súa parroquia de Santiago de Pontedeume.

AHDS, Fondo: Parroquia de Santiago de Pontedeume, Serie: *Libros Sacramentales*, número 26, folio 23 r.

«En la Santa Iglesia Parroquial de Santiago de la Villa de Puente de Heume a veinte días del mes de mayo, año de mil ochocientos veinte y dos: Yo Don Nicolás Antonio de Lamas Pardo, Cura Ecónomo de ella, y de San Martín do Porto, su anejo. Asistí con todos los Señores Sacerdotes de ella, y la Comunidad de San Agustín a las Honras, que se hicieron en la misma por el Anima de Don Pedro Ribera y Pardo, Cura, y rector Propio de dichas

Parroquias, que falleció en la Ciudad de Betanzos, administrado de todos los Santos Sacramentos, en donde se le hizo la función de entierro, y más, que dispuso, según el testamento judicial, que otorgó allí mismo por ante el Escribano Vales de aquella vecindad, y cuya disposición testamentaria quedó a cargo de Don Alfonso su hermano, y Cura de Prevés, quien cumplió en esta la función de Honras. Y para que así conste, y que su muerte fue en los veinte de abril de dicho año lo firmo ut supra = Nicolás Antonio de Lamas y Pardo (*Rubricado*)».



Medalla conmemorativa del restablecimiento de la Constitución de 1812 en 1820.

NOTAS

¹ Cf. E. DE DIEGO GARCÍA, *España, el infierno de Napoleón. 1808-1814 una historia de la Guerra de la Independencia*, Madrid, La Esfera de los Libros 2008, 60.

² Forman o partido conservador. Son defensores da soberanía real e da sociedade estamental. Defenden o Antigo Réxime onde El Rei puidera lexislar libremente sen consultar á nación.

³ Sosteen a necesidade de reformas, pero respectando elementos do Antigo Réxime (son un freo revolucionario). Intelectuais opostos a Napoleón recibiron o nome de jovellanistas porque seguiron as doutrinas de Gaspar Melchor Jovellanos, Ministro de Xustiza finado en plena guerra. Coincidían cos afrancesados en proclamar a necesidade de reformas sen revolución, pero non aceptaban as renuncias de Baiona e, por tanto, non admitían a Napoleón e a Xosé I. Pensaban que unha nación é unha formación histórica, na que cada xeración debe ter en conta a labor da anterior e que o país contaba cunha constitución, formada polas leis tradicionais. Como modelo de sistema político, tomaban o de Gran Bretaña e consideraban a necesidade de independencia poder xudicial, así como a intervención das Cortes (constituídas polos tres estamentos tradicionais), no goberno e na labor lexislativa.

⁴ Pretendían un cambio total respecto á soberanía nacional, a sociedade de clases con predominio da burguesía e a promulgación dunha constitución. Coincidían cos jovellanistas en loitar contra o «usurpador» Napoleón pero defendían moitas das ideas da Revolución Francesa que o propio Napoleón estaba estendendo por Europa e neste sentido eran partidarios do unicameralismo que os separaba de aqueles. Como os jovellanistas, os liberais pertencían á intelectualidade e á burguesía media e, aínda que non marxínaban totalmente as tradicións políticas hispánicas, consideraban imprescindible recoller as bases da reforma nunha constitución escrita. Cf. F. SUÁREZ VERDEGUER, «Las tendencias políticas durante la guerra de la Independencia», en: *Actas del II Congreso Histórico de la Guerra de la Independencia y su época*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 1959, 5-14. Tamén: J. VARELA SUANZES-CARPEGNA, *La teoría del Estado en los orígenes del constitucionalismo hispánico (las Cortes de Cádiz)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales 1983.

⁵ Cf. A. MARTÍNEZ SALAZAR, *Apuntes biográficos de los diputados gallegos doceañistas*, Santiago de Compostela 1912.

⁶ Cf. «Cortes», en: *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago – Xixón, Silverio Cañada Editor 1974, Vol. VII 186-187.

⁷ Segundo uns autores 97, cf. M. FERNÁNDEZ ALMAGRO, *Orígenes del régimen constitucional en España*, Barcelona, 1976, 78; segundo outros 90 entre 291, cf. R. SOLÍS, *El Cádiz de las Cortes. La vida en la ciudad en los años 1810 a 1813*, Madrid, Instituto de Estudios Políticos, 1958, 250; e aínda outros sosteen que eran 94 entre 303, cf. M. MORÁN MARTÍ, *Conciencia y revolución liberal: Actitudes políticas de los eclesiásticos en las Cortes de Cádiz*, en «Hispania Sacra», 42 (1990) 86, 487.

⁸ Cf. L. HIGUERUELA DEL PINO, *La Iglesia y las Cortes de Cádiz*, en «Cuadernos de Historia Contemporánea», XXIV (2002) 61-80.

⁹ Cf. F. SUÁREZ VERDEGUER, *Las Cortes de Cádiz*, Madrid, Rialp 2002, 40-42.

¹⁰ Cf. M. MORÁN, *Los diputados eclesiásticos en las Cortes de Cádiz: revisión crítica*, en «Hispania Sacra» 42 (1990) 86, 35-60.

¹¹ Cf. X. DE JUANA, *A Revolución francesa. Reacción en Galicia e actitude do clero ante a revolución e a ocupación francesa*, en «Encrucillada» 14 (1990) 66, 23-32.

¹² Cf. J. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *O. c.*, 121.

¹³ Impuxéronlle os nomes de Pedro Joaquín Bernardo Vicente Antonio Ramón María de Montserrat, facendo de padriño Pedro Joaquín Pardo de Osorio y Aguiar, veciño de Santa Eulalia de Cañas e, posiblemente, con precedentes de liñaxe no pazo de Saramugo en Vilalba. Cf. ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO (a partir de agora AHDS), Fondo Xeral, Sección: *Sagradas Ordes*, Atado 977.

¹⁴ Nacido o 15 de outubro de 1726, trátase dun dos cargos do goberno de vilas e cidades no Antigo Réxime. Nomeados inicialmente para remunerar servizos realizados á Coroa, co tempo se distribúen para tarefas de goberno municipal. Un sector de fidalgos educados en facultades, e un sector de homes de finanzas fan que estas rexedorías se venderan ó mellor licitador. E aínda que a maioría das rexedorías non eran perpetuas, si se facilitaba a patrimonialidade do oficio, esto é que pasaban, sen maior problema.

de pais a fillos ou parentes próximos.

¹⁵ Casaron os seus pais o 23 de maio de 1747 na igrexa de Santiago de Betanzos. Cf. AHDS, Fondo: Parroquia de Santiago de Betanzos, Serie: *Libros sacramentais*, Libro XVIII, folio 8 vto.

¹⁶ Nacido en Betanzos o 29 de xullo de 1752, era o maior da saga e tamén foi Alférez e Rexedor Decano de Betanzos, e como tal o seu cabaleiro deputado. En 1798 contrata a reedificación da capela do hospital da Magdalena. Cf. AHDS, Fondo Xeral, Serie: *Comunidades Religiosas*, Atado 398. Tamén: A. MEIJIDE PARDO, *Documentos para la historia de Betanzos (IV)* en «Anuario Brigantino» 10 (1987) 39. Casado con Teresa Vicenta Pardo-Osorio e Lema, filla dos Señores das Casas Grandes de Cañas e Ardabán, tivo por filla a María Joaquina Rivera y Pardo-Osorio. Esta casa con Gonzalo Mosquera e Arias Conde (Señor de Benlaces) tiveron unha filla de nome Joaquina Mosquera y Rivera que, casada con Miguel Pardo Bazán, orixinario de Cambados, tiveron como único gromo a Xosé Pardo Bazán e Mosquera, primeiro Conde de Pardo Bazán. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, pazos y Linajes de la provincia de La Coruña*, Madrid, Everest 1986, 218.

¹⁷ Afillado do tamén rexedor Alonso Fonseca foi sacerdote, como o seu irmán, recibindo a clerical tonsura en Santiago de Compostela. Cf. AHDS, Fondo Xeral, Serie: *Sagradas Ordenes*, Atado 977. Tamén acadou o grado de Bacharel en ambos dereitos cando Pedro en abril de 1785. Cf. ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (a partir de agora AHUS), Fondo Universitario, Serie: *Expedientes persoais*. Atado 4810/31. Chegou a ser Párroco de San Pedro de Perbes, tamén no Arcebispado de Santiago.

¹⁸ Filla dos Señores do Pazo de Baldomir (Guísamo - A Coruña) e Corcoesto (Bergantiños) enlaza con Xosé Jaspe Escudero con casa en Montrove - Liáns (A Coruña). En 1783, o Capitán Xeral Pedro Martín Cermeño autorízalle para demoler o torreón que posuía na Rúa Nova de Betanzos, pertencente ó patrimonio da súa familia. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, o.c., 404.

¹⁹ Bernardo Antonio Rivera, era fillo de Diego de Rivera Taibo-Fernández Varela e María Josefa Collazo de Soto e Rodríguez Sobrino. Cf. V. DE CADENAS Y VICENT, *Pleitos de Hidalguía del Archivo de la Real Chancillería de Valladolid*, Madrid, Hidalguía 1979, Tomo VII, 191. Chegou a ser Rexedor de Santiago e Alférez Maior de Betanzos. Hai quen o considera como un dos mellores poetas do Barroco galego. María Teresa era filla de Diego Pardo Saavedra, relator da Real Audiencia de Galicia, e de Francisca Balboa e Alarcón, donos do Pazo de Santa María de Orís e da Torre de Castrillón no Bispado de Lugo. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, O. c., 218.

²⁰ Eran os seus avós paternos o Capitán Antonio Pardo Pimentel e Xosefa de Nóvoa, e os maternos Pedro García de Mandaio e Magdalena Pimentel. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, O. c.; 94.

²¹ Cf. C. CASTRO MONSALVE, «Campomanes y la Universidad: reforma y lucha por el poder», en: AA. VV., *Antiguo Régimen y liberalismo: homenaje a Miguel Artola*, Vol. III, Madrid 1994, 475-488.

²² V. BELTRÁN DE HEREDIA, *La Facultad de Teología en la Universidad de Santiago*, en «La Ciencia Tomista» (1930) 124, 5-33.

²³ *Ibíd.*, 24-25.

²⁴ Cf. M. V. LÓPEZ CORDÓN, *Predicación e inducción política en el siglo XVIII: Fray Diego José de Cádiz*, en «Hispania» 138 (1978) 71-120.

²⁵ Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *María de Francisca de Isla y Losada (1734-1809). Una conexión literaria en la Compostela de la Ilustración*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 2007, 67.

²⁶ Cf. AHUS, Serie: *Expedientes Persoais*. Atado 4810/31. Esta titulación ten a súa orixe na cultura medieval que a utilizaba para expresa-lo vínculo existente entre os dous ordenamentos da Europa medieval: o civil e o canónico. Ningún dos dous podería ser considerado en si mesmo separado do outro. Ámbolos dous formaban un sistema único de normas universais. É ben sabido que, a concepción medieval da vida está animada por un profundo sentimento relixioso, de xeito que tódolos actos humanos ordénanse a un fin supremo: alcanzar a salvación. Por eso, aínda existindo dous sistemas normativos, ambos perseguen unha mesma finalidade e, en caso de diverxencia, sempre debe prevalecer a norma que mellor asegure a salvación del alma. Esta unidade de fin fai que, aínda existindo unha delimitación de competencias entre os dous ordenamentos (o canónico regula os actos humanos espirituais en tanto que o civil atende ós aspectos temporais), non exista unha separación de materias. Así, por exemplo, a pesar de que a regulamentación dos contratos é propia do Dereito civil, o ordenamento canónico ocúpase con frecuencia desta materia, porque os contratos eran habitualmente reforzados co

xuramento, sendo imposible separalo vínculo xurídico entre as partes contratantes da existencia do xuramento, cuxa falsidade poría en perigo a salvación da alma. Neste sentido, aparte da materia contractual, o Dereito canónico da época contiña normas de dereito sucesorio e incluso se pronunciaba sobre temas políticos, como o da sucesión ó trono. Esta cultura xurídica non orbitaba no que impuxera o Emperador ou o Papa, senón na súa *auctoritas* en canto saber xurídico universal determinado polos xuristas, *magistri in utroque iure*, cuxa opinión era decisiva nas decisións e criterios dos xuíces. *In utroque iure*, polo tanto, fai referencia á unidade indisoluble existente dende o Medievo entre o Dereito xustiniano recibido como Dereito civil, e a lei eclesiástica. Cf. Apéndice Documental nº 3.

²⁷ Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Santiago Pastoriza Taboada y Martínez (1777-1832). Un arzuán, cóengo de Compostela, escritor ilustrado na Galicia liberal*, Arzúa, Concello de Arzúa 2007, 51-52.

²⁸ Cf. ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE MONDOÑEDO (a partir de agora AHDM), Sección: *Expedientes de Ordes*, Atado: Pedro Rivera y Pardo, 1789.

²⁹ Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Andrés Aguiar Caamaño (1728-1815), obispo de Mondoñedo*, en «Estudios Mindonienses» 15 (1999) 637-682.

³⁰ Cf. E. LA PARRA LÓPEZ, *Manuel Godoy. La aventura del poder*, Barcelona, Círculo de Lectores 2002, 204-205.

³¹ Antigo confesor da Raíña María Luísa de Borbón, foi un claro opositor de Godoy diante do seu interese pola reforma da Inquisición, o que lle custou o desterro a Roma. Tomou postura contra os xansenistas españois. Á volta do desterro é nomeado bispo de Ávila. Polo seu comportamento cara ós franceses era coñecido como «o patriota». Fuxiu a Portugal durante a Francesada e, unha vez de volta, negouse a publicar os decretos de abolición da Inquisición e do Voto de Santiago. Cf.. E. PORTELA SILVA (COORD.), *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Santiago, Universidad – Consorcio - Concello 2003, 440.

³² Cf. E. DE DIEGO, *O. c.*, 281.

³³ J. NAVAS RAMÍREZ-CRUZADO, *Los ejércitos gallegos contra Napoleón en la Guerra de la Independencia. Análisis militar*, A Coruña, Publicaciones Arenas 2004, citado por F. MARTÍNEZ LAÍNEZ, *Como lobos hambrientos. Los guerrilleros en la Guerra de la Independencia (1808 – 1814)*, Madrid Algaba Ediciones 2007, 235.

³⁴ Cf. AHDS, Fondo: Parroquia de Santiago de Betanzos e San Martiño de Bravío. Serie: *Libros Sacramentais* nº XXIX, folio 156 vto. Cf. Apéndice documental nº 5.

³⁵ Cf. AHDS, Fondo: Parroquia de Santiago de Pontedeume, Serie: *Libros Sacramentais*, nº XXVI, Folio 23, r. Cf. Apéndice Documental nº 6.

³⁶ Cf. *Diario de Sesiones de las Cortes Generales Extraordinarias: dieron principio el 24 de Septiembre de 1810 y terminación el 20 de Septiembre de 1813*, Madrid, Imprenta de J. A. García, 1870-1874, Vol. 1. Sesión de 19 de octubre de 1810, 1. Tamén: F. FERNÁNDEZ SEGADO, *La libertad de imprenta en las Cortes de Cádiz*, en «Revista de Estudios Políticos» (2004) 124, 29-54.

³⁷ *Ibid.*, Sesión do 5 de xuño de 1812, nº 582, pp. 3255-3261.

³⁸ *Ibid.*, Sesión del 30 de marzo de 1812; Nº 533, p. 2983.

³⁹ T. FERNÁNDEZ SEGADO, *A. c.*, 42.

⁴⁰ Cf. J. M. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, *La guerra contra la revolución francesa en la frontera navarra vista a través de la correspondencia de un miliciano gallego*, en «Príncipe de Viana» (1994) 55, 202, 407-416. Nota 11.